



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación rectificación do erro material nas bases específicas do proceso selectivo convocado, pola quenda de promoción interna, para a cobertura de dúas prazas de técnico/a superior de delineación (grupo B), C.E. 10/24

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 31 de xullo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado na redacción da base 7.2, relativa á adxudicación da praza, das bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna, de 2 prazas de técnico/a superior de delineación (grupo B) da escala de Administración especial, subescala técnica (C.E. 10/24), aprobada por resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, de data 19/06/2026 (BOP núm. 125, do 06/07/2026), no seguinte senso:

Onde di:

“A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6. Así mesmo, adxudicaráselles destino no mesmo posto que viñesen desempeñando con carácter definitivo, sempre que figure na relación de postos de traballo aberto ao subgrupo C1 e a escala de Administración xeral”.

Debe dicir:

“A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6. Así mesmo, adxudicaráselles destino no mesmo posto que viñesen desempeñando con carácter definitivo, sempre que figure na relación de postos de traballo aberto ao grupo B e á escala de Administración especial”.

Segundo.- Publicar esta corrección no BOP

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 3 de agosto de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/5200